



CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

SECCIÓN 11

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 79/2009, do 19 de abril, estableceu a nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, con adecuación ás competencias que ten asumidas e son propias da comunidade autónoma, e tendo en conta os criterios de eficacia, austeridade e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Pola súa banda, o Decreto 83/2009, do 21 de abril, fixou a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e Decreto 337/2009, do 11 de xuño, desenvolveu a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo que exercerá as súas competencias a través dos seguintes órganos centrais de dirección:

- a) A/o conselleira/o.
- b) A Secretaría Xeral.
- c) A Secretaría Xeral para o Turismo.
- d) A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- e) A Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura.

A consellería ten adscritos os seguintes organismos e sociedades públicas:

1. Como axencia pública autonómica adscrita á Consellería de Cultura e Turismo se conta coa Axencia Galega das Industrias Culturais, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio e constituída como unha axencia pública autonómica das reguladas na disposición adicional quinta do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, facultada para exercer potestades administrativas no ámbito das súas funcións.
2. Como sociedades mercantís dependentes da Consellería de Cultura e Turismo existen:
 - a) A sociedade anónima de Xestión do Plan Xacobeo, creada polo Decreto 377/1991, como Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo 93 (modificado o nome por acordo da Xunta Xeral o día 4 de decembro de 1996, elevado a escritura pública o día 15 de xaneiro de 1997), ten como obxecto social o deseño, a programación, a coordinación e a realización, de distintas actividades relacionadas co Xacobeo.
 - b) A Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (Turgalicia), que foi creada polo Decreto 198/1991, do 27 de marzo, e constituíuse con data 22 de setembro de 1992. Ten como obxecto social a realización, entre outras, de actividades de promoción da oferta turística de Galicia en mercados nacionais e internacionais, coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción turística interior e exterior e fomento e impulso das actividades do sector turístico para a promoción do turismo galego.
3. Como Fundacións Públicas dependentes da Consellería de Cultura e Turismo existen:
 - a) A Fundación Cidade da Cultura de Galicia, creada no ano 1999, clasificada de interese cultural pola Consellería de Presidencia e Administración Pública e que ten como

obxecto fundamental a construción, execución e promoción dos centros e edificios da Cidade da Cultura.

- b) A Fundación Illa de San Simón clasificada por Orde do 10 de abril de 2007 da Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza como fundación de interese cultural, adscribíndoa á Consellería de Cultura, quen exerce o protectorado sobre a mesma e declarada fundación de interese galego por Orde do 24 de abril de 2007 da Consellería de Cultura e Deporte.
4. Como Consorcio do sector Público autonómico dotado de personalidade xurídica, dependente da Consellería de Cultura e Turismo se conta co Instituto de Estudos Turísticos de Galicia, creado polo Decreto 89/2007, do 19 de abril, como entidade de dereito público de carácter interadministrativo, e que dispón dun patrimonio e unha personalidade xurídica propios, así como plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. O Instituto ten como obxectivo principal o desenvolvemento dunha serie de accións para contribuír ao desenvolvemento do sector turístico de Galicia, especialmente no ámbito da investigación.

I.2. COMPETENCIAS

A Consellería de Cultura e Turismo é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de promoción e difusión da cultura, patrimonio cultural, os aspectos vinculados á protección do patrimonio cultural de Galicia e da cidade e dos Camiños de Santiago, e a promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

Estas competencias véñenlle asignadas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía para Galicia. En concreto o artigo 32 recolle os principios de defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, que se concretan nos seguintes puntos:

1. A protección dos Camiños de Santiago.
2. O fomento e promoción da cultura, a contribución ao desenvolvemento do libro, a colaboración na promoción da plástica, a danza, a música, a imaxe e o son e as artes líricas e coreográficas.
3. A protección do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico e documental, así como dos arquivos, bibliotecas e museos de interese de Galicia.
4. A promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Os traspasos de funcións e servizos á Consellería de Cultura e Turismo foron instrumentados a través das seguintes normas:

1. Real decreto 212/1979, do 26 de xaneiro, de traspaso de competencias da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia, entre outras, de turismo.
2. Real decreto 1634/1980, do 31 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administra-

- ción do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia, entre outras, de cultura.
3. Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, de consolidación de traspasos efectuados na fase preautonómica á Xunta de Galicia.
 4. Real decreto 2418/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo.
 5. Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
 6. Real decreto 2806/1983, do 1 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo.
 7. Real decreto 3356/1983, do 28 de decembro, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura e adaptación dos transferidos na fase preautonómica.
 8. Real decreto 1531/1989, do 15 de decembro, sobre ampliación de medios persoais e orzamentarios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (bibliotecas, arquivos e museos).
 9. Real decreto 2167/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e dos medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
 10. Real decreto 2168/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
 11. Real decreto 2169/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e os medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
 12. Real decreto 1825/1998, do 28 de agosto, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual.

1.2.1. DA CONSELLERÍA

Estas competencias asumidas pola Consellería de Cultura e Turismo concréntanse nos seguintes puntos:

- I. Arquivos, museos e bibliotecas.
 - a) Creación de arquivos centrais e intermedios, con regulación de transferencias documentais entre os distintos niveis de arquivos, así como a súa valoración, selección e expurgo.
 - b) Organización do sistema de museos de Galicia dotando dunha estrutura conceptual e administrativa, desenvolvendo de pleno as funcións que lle son propias: adquisición, conservación, investigación, comunicación, difusión e exhibición do patrimonio que custodian.
 - c) Dotación e creación de bases de datos no Centro Superior Bibliográfico de Galicia, situando neste centro o núcleo da rede informatizada de bibliotecas de Galicia. Organi-

zación dos servizos da rede para prestar servizos ás bibliotecas públicas integradas e a centros bibliotecarios non integrados e particulares que o demanden. Consolidación e mellora das infraestruturas bibliotecarias existentes.

- d) Publicación de material impreso e audiovisual relacionado co patrimonio histórico mobile e documental, dentro do programa de publicacións da consellería.
2. Teatro, cines e auditorios.
- a) Incentivar as artes de representación nos eidos do teatro, a música e a danza. Creación de espazos para estas actividades nos concellos, contemplando a existencia dos devanditos ámbitos no momento de planificar as novas casas de cultura.
 - b) Mellora das infraestruturas físicas existentes mediante a restauración e readaptación, por medio de convenios, dos espazos con que se conta como auditorios, espazos multiusos e outros.
 - c) Apoio e fomento ao sector audiovisual, favorecendo o acceso dos novos profesionais á industria audiovisual.
 - d) Ampliación ao ámbito das salas cinematográficas da política lingüística, favorecendo a exhibición de cine en galego.
 - e) Promover a produción audiovisual en Galicia e a súa difusión tanto dentro como fóra do noso país.
3. Casas de cultura.
- a) Levar a cabo a dotación, en núcleos de escasa poboación, destas infraestruturas que deben cubrir non só as necesidades culturais senón tamén sociais da poboación que vive neles. Por isto poderanse establecer vías de cooperación con outros departamentos da Xunta de Galicia.
 - b) Promover a utilización a pleno rendemento destas infraestruturas, para o cal se impulsará a realización de actividades culturais cunha dobre liña de acción, ben a través de cooperación cos concellos ou ben mediante a realización de actividades programadas directamente pola consellería.
4. Conservación do patrimonio cultural.
- a) Conservación, restauración e, na medida do posible, acrecentamento do patrimonio cultural.
 - b) Inventario e catalogación do patrimonio cultural, fundamentalmente para elaborar plans de protección, conservación e difusión.
 - c) Control e seguimento das actividades arqueolóxicas.
 - d) Aprobación dos plans e proxectos das obras que afecten ao patrimonio cultural.
 - e) Promoción, difusión e divulgación do patrimonio cultural.
 - f) Estimular a valoración do patrimonio natural de relevancia singular, como conxunto asociado ao patrimonio cultural e o seu territorio.
 - g) Promover a conservación, protección e difusión do patrimonio cultural entre todas as instancias e institucións públicas e privadas, e polo tanto entre toda a sociedade galega.

-
- h) Publicación de material impreso e audiovisual relacionado co patrimonio cultural, dentro do programa de publicacións da consellería.
5. Promoción e difusión da cultura
- a) Deseño, dirección e coordinación das grandes liñas reitoras da actividade cultural e das medidas estruturais para o desenvolvemento da cultura galega, en todas as facetas identitarias da comunidade: historia, creación, referentes colectivos, coñecemento, innovación, industria, relacións e presenza no mundo contemporáneo, etc.
 - b) Promoción da calidade dos produtos culturais galegos cunha proposta ambiciosa que recolla actuacións en todos os ámbitos e que implique globalmente á sociedade, ademais dos sectores directamente relacionados coa cultura.
 - c) Fomento da creación artística e literaria e das actividades culturais vencelladas á corrente cultural creada polos Camiños Xacobeos, como rutas de entendemento entre as comunidades e os pobos.
 - d) Apoio ao libro e ás producións literarias en lingua galega como elementos culturais básicos, para o obxecto de cumprir co establecido na Lei do libro e da lectura e atender os obxectivos recollidos no Plan do libro e da lectura aprobado polo Parlamento Galego.
 - e) Creación de medidas para manter a cultura galega como marca de calidade da comunidade autónoma. Potenciarase a circulación exterior dos produtos culturais e a súa identificación de orixe, para os converter así en carta de presentación de Galicia.
 - f) Fomento do acceso aos libros no conxunto da poboación galega e o desenvolvemento dunha política activa encamiñada a incrementar os índices de lectura.
 - g) Impulso da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, coa mellora das súas instalacións, a modernización da imaxe e os produtos que ofrece e a continuación do plan de formación continua dos seus profesionais.
 - h) Reforzo do libro galego no que atinxe a súa presenza nos grandes acontecementos culturais e feiras internacionais, nun propósito de expansión e de intercambio en igualdade coas restantes culturas do mundo contemporáneo.
 - i) Apoio decidido á presenza do libro escrito en galego en ámbitos culturais do exterior, co fin de que poida competir en pé de igualdade no mercado. Ao tempo, promoverase tamén a tradución de obras da literatura universal ao galego, para que o público galego teña acceso a elas desde a nosa lingua.
 - j) Apoio á creación, á produción e á distribución dos produtos culturais de Galicia ou que contribúan ao desenvolvemento intelectual do país.
 - k) Fomento dos novos valores da creación plástica e apoio ás figuras consolidadas.
 - l) Promoción da arte galega nos foros, certames e feiras internacionais de interese para Galicia.
 - m) Coordinación e cooperación entre institucións culturais de Galicia, co fin de impulsar un desenvolvemento coordinado da nosa cultura.
 - n) Promoción do teatro, a música e a danza galega coa produción de espectáculos con

marca de orixe e de calidade de Galicia, como vangarda da proxección exterior da cultura galega.

- o) Creación de canles de comunicación arredor da cultura, e creación dunha ferramenta de acceso á información cultural.

6. Camiños de Santiago e o seu territorio histórico.

Conservación, rehabilitación e recuperación dos Camiños de Santiago, concretándose en varias accións:

- a) Acondicionamento de espazos públicos, núcleos en áreas e puntos concretos de interese patrimonial e paisaxístico.
 - b) Delimitación e deslinde dos Camiños de Santiago e das súas zonas de protección e respecto.
 - c) Recuperación e rehabilitación selectiva de tramos singulares dos camiños.
 - d) Promoción e difusión dos Camiños de Santiago e das súas áreas patrimoniais relacionadas.
 - e) Dinamización sociocultural e socioeconómica das áreas circunscritas aos Camiños de Santiago, a través da promoción do patrimonio cultural asociado ao fenómeno Xacobeo.
 - f) Promoción de actividades de apoio e atención ao contorno natural e á paisaxe, rural e urbana, dos camiños.
 - g) Definición e deseño das rutas culturais e históricas mais senlleiras de Galicia.
 - h) Accións concretas a través de congresos e reunións de ámbito galego, estatal e internacional.
 - i) Colaboración coas asociacións de Amigos do Camiño de Santiago.
 - j) Publicación de material impreso e audiovisual relacionado cos Camiños de Santiago, dentro do programa de publicacións da consellería.
 - k) Rehabilitación, mantemento e conservación da rede de albergues
 - l) Promoción do turismo cultural e relixioso
- I. En materia de turismo:
- a) Promoción, potenciación e difusión do sector turístico en Galicia. Para Galicia o turismo é un dos seus principais recursos económicos en termos de Produto Interior Bruto e de poboación ocupada dedicada a este subsector económico.
 - b) Accións para a mellora da cualificación dos profesionais do sector a través de actividades de formación
 - c) Planificación dos recursos turísticos da comunidade autónoma.
 - d) Posicionamento de Galicia como destino turístico de prestixio, con imaxe de marca forte, definida e recoñecida.
 - e) Desenvolvemento da nova imaxe turística de Galicia e da oferta de novos produtos

turísticos, que contribúan á desestacionalización e ao incremento do nivel de gasto medio dos visitantes.

- f) A mellora da rede de albergues e a promoción do Camiño de Santiago no ámbito galego, estatal e internacional.

1.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI

A Axencia Galega das Industrias Culturais, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio e constituída como unha axencia pública autonómica das reguladas na disposición adicional quinta do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.

En consonancia cos seus obxectivos e fins, a Lei 4/2008 establece que a Agadic exercerá as seguintes funcións:

1. Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais, prestándolles especial atención ás industrias culturais que xeren mecanismos de produción eficientes e que subministren no mercado bens culturais de amplo consumo.
2. Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado, e os que acheguen á cultura galega innovacións creativas e ofertas de calidade de novas estéticas e linguaxes artísticas.
3. Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, fomentando a captación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais.
4. Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, impulsando plans formativos acordes coas necesidades profesionais das empresas do sector, en especial na formación de persoal cualificado para a súa administración e xestión e no deseño, acceso e emprego das novas tecnoloxías.
5. Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autores e autoras, en canto subministradores de recursos inmateriais no proceso de produción. Tamén apoiará a colaboración entre empresas e creadores e creadoras como instrumento necesario para o impulso e asentamento do sector cultural.
6. Fomentar a creación, o mantemento e a utilización de infraestruturas e equipamentos por parte dos axentes culturais, en especial o impulso de centros que faciliten o acceso á cultura dos cidadáns e das cidadás dos núcleos pequenos, e o estímulo da mellora e modernización tecnolóxica.
7. Impulsar, a través do Igape, a presenza das empresas culturais nos mercados financeiros en condicións vantaxosas, con programas de préstamos públicos ou actuando como inter-

mediaria entre os produtores culturais e as entidades financeiras privadas, en especial para poder afrontar grandes proxectos desde a iniciativa privada.

8. Impulsar a cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e traballadoras e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.
9. Adoptar programas que potencien as sinerxías entre o desenvolvemento empresarial das actividades culturais e outros fins públicos como a protección do patrimonio natural, material e inmaterial, a contribución ao desenvolvemento territorial e o fomento da educación, do emprego, da integración social, do turismo e da investigación.
10. Facer estudos e plans estratéxicos sobre o sector cultural, así como difundir a información sobre os recursos destinados ás empresas culturais en calquera ámbito.
11. Calquera outra iniciativa e acción dirixida á consecución dos seus fins.

1.2.3. DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

DAS SOCIEDADES MERCANTÍ

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO XACOBEO

A Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo, creada polo Decreto 377/1991, como Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo 93 (modificado o nome por acordo da Xunta Xeral o día 4 de decembro de 1996, elevado a escritura pública o día 15 de xaneiro de 1997), ten como obxecto social o deseño, a programación, a coordinación e a realización, entre outras, das seguintes actividades relacionadas co Xacobeo, que se executarán, de ser o caso, en coordinación coas administracións públicas competentes:

1. Conservación, rehabilitación e recuperación do Camiño de Santiago.
2. Colocación de sinais identificativos.
3. Elaboración dos principios xurídicos para a súa protección, que, para a súa aprobación, serán elevados ás administracións competentes.
4. Construción das áreas de descanso nos puntos de interese paisaxístico e monumental; simposios, congresos, xomadas e ciclos.
5. Celebración de exposicións itinerantes, representacións teatrais, concertos musicais e exposicións de artes plásticas.
6. Promoción da artesanía e o deseño relacionados co Camiño de Santiago.
7. Promoción de competicións deportivas de calidade.
8. Xestión da rede de albergues.
9. Formalización de convenios cos concellos e institucións relixiosas.
10. Promoción de aloxamentos relacionados co camiño.
11. Produción cinematográfica e audiovisual; esponsorizacións e a xestión dos signos visuais o

deseño, a programación, a coordinación e, no seu caso, a realización das actividades relacionadas co "Xacobeo", como un dos principais produtos turísticos de Galicia, que se realizarán, se é o caso, en coordinación coas administracións públicas competentes.

SOCIEDADE DE IMAXE E PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA (Turgalicia)

A Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (Turgalicia), que foi creada polo Decreto 198/1991, do 27 de marzo, e constituíuse con data 22 de setembro de 1992, ten como obxecto social a realización, entre outras, das seguintes actividades:

1. Promoción da oferta turística de Galicia en mercados nacionais e internacionais.
2. A coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción turística interior e exterior.
3. Fomento e impulso das actividades do sector turístico para a promoción do turismo galego.
4. Establecemento de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a creación, coordinación e desenvolvemento de accións encamiñadas á promoción turística interior e exterior.
5. Todas as operacións que sexan preparatorias, auxiliares ou complementarias das mencionadas.

Así mesmo correspóndelle a xestión do Centro Superior de Hostalería que leva a cabo as seguintes actividades:

1. Reciclaxe de profesionais do sector turístico.
2. Formación teórica e práctica de alumnos no campo da hostalería, restauración, turismo e actividades complementarias.
3. A xestión e explotación de establecementos de hostalería, restauración e bebidas abertos ao público.
4. Actividades de asesoramento e consultaría ao sector turístico.

1.2.4. DAS FUNDACIÓNS

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia, creada no ano 1999, clasificada de interese cultural pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten como obxecto fundamental a construción, execución e promoción dos centros e edificios da Cidade da Cultura, en concreto a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural.

FUNDACIÓN ILLA DE SAN SIMÓN

A Fundación Illa de San Simón clasificada por Orde do 10 de abril de 2007 da Consellería de

Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza como fundación de interese cultural, adscribíndoa á Consellería de Cultura, quen exerce o protectorado sobre a mesma e declarada fundación de interese galego por Orde do 24 de abril de 2007 da Consellería de Cultura e Deporte. De acordo co establecido nos seus estatutos, ten como obxecto fundamental conservar e xestionar as instalacións e edificacións das illas de San Simón e Santo Antón, que foron declaradas pola Xunta de Galicia Ben de Interese Cultural con categoría de sitio histórico mediante o decreto 237/1999, potenciar os seus valores naturais, culturais e paisaxísticos e desenvolver nelas actividades culturais, educativas e de investigación, mediante a organización de congresos, cursos e seminarios.

1.2.5. DOS CONSORCIOS

INSTITUTO DE ESTUDOS TURÍSTICOS DE GALICIA

O Instituto de Estudos Turísticos de Galicia, creado polo Decreto 89/2007, do 19 de abril, como entidade de dereito público de carácter interadministrativo, ten como obxectivo principal o desenvolvemento dunha serie de accións para contribuír ao desenvolvemento do sector turístico de Galicia, especialmente no ámbito da investigación e, en particular:

1. Estudo da capacidade competitiva das empresas turísticas e do sector turístico de Galicia.
2. Desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo.
3. Participación na transferencia de resultados de investigación entre os centros públicos de investigación e as empresas vinculadas ao sector turístico.
4. Fomento e desenvolvemento de investigación cooperativa entre empresas.
5. Análise estatística do desenvolvemento do sector turístico e as súas necesidades.
6. Prestación de asistencia ás entidades e empresas vinculadas ao turismo orientada á mellora da calidade do sector, preferentemente no tocante á difusión dos seus servizos, á organización da produción, ao cumprimento da lexislación vixente, entre outros.
7. Formación de formadoras ou formadores vinculados aos estudos turísticos, tanto desde o punto de vista teórico como práctico.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL

Correspóndenlle as funcións sinaladas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro ademais de:

1. O establecemento das bases e directrices da xestión económica e orzamentaria da consellería, así como levar a cabo as actuacións de control e avaliación desta nas distintas unidades e servizos dela dependente.
2. A realización de estudos e definición de alternativas dirixidas a mellorar a eficacia e o control de gasto.
3. As de coordinación sobre planificación, estratexia, deseño, adquisición, implantación, normalización, mantemento e calidade dos sistemas e das tecnoloxías de información da consellería.
4. As de coordinación en materia de proxectos, sistemas de información e infraestruturas TIC e soporte de usuarios da consellería.
5. O exercicio das funcións que a consellería teña encomendadas en relación coas fundacións de interese galego, sobre as que lle corresponda exercer o protectorado.
6. Formular as correspondentes propostas na tramitación contable dos expedientes tramitados con cargo aos orzamentos asinados ao seu centro directivo.
7. A proposta das instrucións necesarias e o asesoramento nas ditas materias aos órganos directivos da consellería.

Os obxectivos fundamentais desta unidade son os seguintes:

1. Consolidación e perfeccionamento da estrutura administrativa.
2. Racionalización e simplificación do funcionamento da actuación dos servizos administrativos da Consellería de Cultura e Turismo.
3. Impulso da implantación dos sistemas de información económica.
4. Mellorar as tecnoloxías de información cara a planificación, a xestión e a prestación dos servizos.
5. Elaboración de instrucións e procedementos para mellorar a xestión económico-orzamentaria da consellería e promover unha xestión transparente.
6. Promover a tramitación de convenios de financiamento ou contratos programa coas entidades públicas con personalidade xurídica propia dependentes da consellería.
7. O impulso e desenvolvemento de ferramentas de xestión nas áreas de contratación e de xestión orzamentaria para o seu uso xeral e compartido polas distintas unidades e servizos da consellería.
8. Implantación dun plan de austeridade nos gastos administrativos atendendo aos principios de eficacia e eficiencia.

9. Aumentar a eficiencia na xestión e na prestación dos servizos da consellería.

SECRETARÍA XERAL PARA O TURISMO

Correspóndelle á Secretaría Xeral para o Turismo a planificación da política de ordenación, fomento e promoción do turismo dentro da comunidade autónoma, determinando as liñas de actuación de política turística que deben rexer no territorio galego e levando a cabo a dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de turismo e, especialmente, o exercicio das seguintes funcións:

1. A instauración de canles efectivas de comunicación con outros organismos locais, provinciais e da Administración central e outras administracións, así como co sector privado.
2. A explotación e potenciación dos recursos turísticos de Galicia, mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade, tanto no interior de Galicia como no resto de España e no exterior, sen prexuízo das competencias da Administración central do Estado.
3. A dirección e coordinación das actuacións da consellería relacionadas coa posta en valor cultural e turística do Camiño de Santiago e a súa promoción.
4. A aplicación dos mecanismos necesarios para mellorar as estruturas e os fundamentos da formación profesional turística, sen prexuízo das competencias que lle poidan corresponder a outros organismos.

DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL

Correspóndelle á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de patrimonio histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, artístico, arquitectónico, etnolóxico e documental en todas as súas manifestacións, así como nas materias de arquivos e museos, e especialmente as seguintes funcións:

1. Protección, a conservación, o acrecentamento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión a xeracións futuras.
2. Protección, conservación e recuperación dos camiños de Santiago, así como a elaboración da normativa xurídica que lle afecte.
3. Elaboración e xestión dos asuntos relacionados co réxime xurídico de protección do patrimonio cultural.
4. Tramitación e xestión dos procedementos para a declaración de ben de interese cultural, e a inclusión no catálogo e no inventario do patrimonio cultural.
5. Promoción e xestión das actuacións arqueolóxicas relacionadas coas súas competencias.
6. Informe e resolución, se é o caso, dos expedientes que afecten, conforme a normativa vixente, ao patrimonio cultural.
7. Realización de informes e estudos que lle sexan requiridos polas autoridades competentes e, en particular, o informe e asesoramento ás autoridades administrativas, cando sexa solicitado, en materia de protección e conservación do patrimonio cultural e na adopción de

medidas preventivas, correctivas e sancionadoras que se xulguen convenientes.

8. Promoción, dirección e xestión das obras de conservación e restauración no patrimonio cultural promovidas pola consellería.
9. As actuacións necesarias para o exercicio da potestade expropiatoria e do dereito de adquisición preferente en asuntos relacionados co patrimonio cultural.
10. Preparación e xestión de convenios e protocolos relacionados coas competencias desta dirección xeral.
11. A dirección de todas as actuacións dirixidas a velar pola conservación, coidado, promoción e difusión do patrimonio moble e documental de Galicia, especialmente a través dos museos e dos arquivos.
12. Elaboración e edición de publicacións de carácter científico, cultural, educativo e divulgativo relacionadas co patrimonio cultural.
13. Organización de exposicións, coloquios, seminarios e cursos relacionados co patrimonio cultural e dirixidos á formación, a xestión e a difusión dos temas vinculados a este.

DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA

Correspóndelle á Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura a dirección e coordinación das atribucións da consellería en materia de promoción cultural, do libro e bibliotecas e entre elas as seguintes:

1. Fomento das relacións e intercambios culturais en Galicia e apoio á creación e á innovación cultural da comunidade, así como ás entidades culturais.
2. Colaboración no desenvolvemento das artes escénicas e musicais.
3. Posta en práctica de medidas de apoio para os artistas e creadores e a súa participación en programas culturais galegos ou de especial interese para a expansión da cultura galega, posibilitando que a participación de mulleres e homes sexa igualitaria.
4. Establecemento de canles de información e fomento da investigación no eido cultural.
5. Estímulo da creación literaria, artística e musical.
6. Apoio á produción editorial e elaboración de plans respecto da política do libro, consonte as necesidades culturais de Galicia.
7. Execución da lexislación sobre propiedade intelectual e a xestión das competencias da comunidade autónoma en materia do depósito legal.
8. Autorizacións para a realización de feiras e exposicións do libro e do material bibliográfico.
9. Orientación do servizo público da lectura para difundir a cultura por medio do libro e dos soportes virtuais relacionados coas novas tecnoloxías da información.
10. Organización e aprobación dos expedientes de creación de novas bibliotecas ou servizos bibliotecarios, dos seus regulamentos e concertos e a organización de cursos de formación nesta materia.
11. Fomento da creación e difusión das artes visuais e do son.

12. Programación e realización de exposicións relacionadas coas principais tendencias e ámbitos da creación artística contemporánea.
13. Coordinación e supervisión das actuacións do Centro Galego de Arte Contemporánea e das relacións coa Axencia Galega das Industrias Culturais.
14. Organización e fomento de iniciativas e actividades orientadas a consolidar a dimensión internacional da cultura galega.
15. Estímulo e impulso á presenza das diferentes manifestacións da identidade cultural galega nas redes telemáticas e nos procesos de integración e intercambio multicultural.
16. Organización e colaboración nas exposicións, congresos, coloquios e cursos de formación, así como a convocatoria de bolsas e axudas, e a preparación de convenios sobre as materias que sexan da súa competencia.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS

O capital creativo de Galicia, que se desenvolveu dun xeito constante ao longo da historia, conta neste momento, como consecuencia da realidade administrativa e das dinámicas actuais da comunicación, cunha potencia cultural de grande importancia, que reflicte a evolución dunha sociedade modernizada, que abre camiños de entendemento e de futuro cunha enorme confianza.

O sector das industrias culturais en Galicia, segundo o último informe do Consello da Cultura Galega, move en Galicia en torno aos 26.000 empregos, moi por encima do sector naval.

Por outra banda, o libro verde das Industrias Culturais da UE, avala a este sector como o máis dinámico e de emprego mais estable de Europa, e encomenda unha serie de accións aos estados membros para impulsar dito sector.

O goberno de Galicia asume o compromiso de apoiar as correntes nadas na sociedades, e de vertebralas en prol dun desenvolvemento coordinado e vizoso, para acadar, sobre a base do interese e da responsabilidade da cidadanía, un sector económico emprendedor, capaz de lanzarse á procura de novos públicos e novos mercados, para o que a Consellería de Cultura e Turismo procura incentivar novos proxectos e promover accións innovadoras dentro do tecido cultural interno.

Unha das prioridades da Agadic consiste en consolidar as estruturas que os propios axentes sociais e entidades xeren, co desenvolvemento de accións que afirmen o traballo dos creadores, e o establecemento de canles de cooperación e colaboración con outras administracións, con fundacións públicas e privadas e con asociacións e federacións culturais que teñan interese pola cultura galega.

Co "Plan de Cultura Sostible-2010-2014" elaborado por Agadic, trátase de optimizar o investimento neste sector, fomentando, sobre todo, a distribución do produto cultural e estimu-

lando o seu consumo.

Para iso enténdese necesario o reforzamento dos circuítos culturais, a presenza en feiras e as axudas á distribución fora de Galicia, tanto para o sector audiovisual, da música ou teatro, como para o libro, os galeristas ou os artesáns.

II.3. DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

II.3.1. DAS SOCIEDADES MERCANTÍLS

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO XACOBEO

Constitúe o obxecto social da S.A. de Xestión do Xacobeo, segundo pon literalmente no artigo 3 dos seus estatutos o deseño, programación, coordinación e, no seu caso, a realización, entre outras, das seguintes actividades relacionadas co Xacobeo, que se executarán, no seu caso, en coordinación coas administracións públicas competentes: a conservación, rehabilitación e recuperación do camiño; a colocación de sinais de identificación; a elaboración dos principios xurídicos para a súa protección que, para a súa aprobación, serán elevados ás administracións competentes; a construción de áreas de descanso nos puntos de interese paisaxístico e monumental; a dotación do Museo das Peregrinacións; simposios, congresos, xornadas e ciclos; exposicións itinerantes; a organización dos Premios Xacobeo; representacións teatrais; concertos musicais; exposicións de artes plásticas; a elaboración de unidades didácticas; a promoción da artesanía e do deseño relacionadas co Camiño de Santiago; competicións deportivas de calidade; Centro Servidor de Datos de Galicia; rede de albergues; as actuacións no "Monte do Gozo"; os convenios cos concellos e institucións relixiosas; a promoción dos aloxamentos relacionados co Camiño, paisaxe urbana (fachadas, edificios, fiestras, teitos, balcóns, prazas, rúas, beirarrúas e similares); a promoción do Xacobeo, incluídas actividades de animación; a produción cinematográfica e audiovisual; patrocinios; e a xestión dos signos visuais.

SOCIEDADE DE IMAXE E PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA (Turgalicia)

O obxectivo primordial da actividade da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (Turgalicia) é, tal e como establece o seu obxecto social:

1. A promoción da oferta turística de Galicia nos mercados nacionais e internacionais.
2. A coordinación, o impulso, a xestión e a execución das actividades de promoción turística interior e exterior.
3. O fomento e impulso das actividades do sector turístico para a promoción do turismo galego.
4. O establecemento de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a creación, coordinación e desenvolvemento de accións encamiñadas á promoción turística interior e exterior así como todas as operacións que sexan preparatorias, auxiliares ou complementarias das mencionadas.

5. O funcionamento do Centro Superior de Hostalería que leva a cabo a reciclaxe de profesionais do sector turístico, a formación teórica e práctica de alumnos no campo da hostalería, restauración, turismo e actividades complementarias, a organización e xestión de seminarios, conferencias, eventos e actividades similares, a xestión de establecementos de hostalería, restauración e bebidas abertos ao público e actividades de asesoramento e consultaría ao sector turístico.

II.4. DAS FUNDACIÓNS

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten como obxecto fundamental a construción, execución e promoción dos centros e edificios da Cidade da Cultura para que se ocupen da conservación, produción e exhibición da nosa cultura, dotándoos do máis avanzado nivel tecnolóxico para permitir as posibilidades que ofrecen as TICs .

Os obxectivos prioritarios da fundación para o ano 2011 son os seguintes:

1. Avanzar na execución das obras dos edificios do complexo e das de urbanización (museo, servizos centrais e fase II de urbanización).
2. Continuar coa dotación de equipamentos, tanto ordinarios como da área TIC dos edificios singulares e do complexo. (Completar os do arquivo e biblioteca e realizar os do museo e servizos centrais)
3. Posta en funcionamento dos edificios de servizos centrais e museo.
4. Continuar có desenvolvemento dos contidos que conforman o proxecto cultural da CdC:
 - a) Planificación e execución de actividades culturais vinculadas aos contidos dos edificios xa en marcha e dos pendentes de inaugurar (arquivo, biblioteca, museo e servizos centrais).
 - b) Inicio a explotación dos espazos (exteriores e interiores) e dos locais comerciais da CdC.
 - c) Desenvolvemento das capacidades da fundación para abordar as competencias en planificación, xestión e comunicación do proxecto cultural.

FUNDACIÓN ILLA DE SAN SIMÓN

A Fundación Illa de San Simón ten como obxecto fundamental conservar e xestionar as instalacións e edificacións das illas de San Simón e Santo Antón, potenciar os seus valores naturais, culturais e paisaxísticos e desenvolver nelas actividades culturais, educativas e de investigación, mediante a organización de congresos, cursos e seminarios.

Os obxectivos da Illa San Simón para o 2011 pasan por transformar a actividade da fundación e levar a cabo, por primeira vez, a posta en marcha dunha programación de eventos estable.

A modificación dos instrumentos xurídicos que regulan os usos da infraestrutura das illas (6 edificios principais e 4 auxiliares) é o primeiro obxectivo, para poder establecer unha explotación

económica dos mesmos, permitindo a posibilidade de captación de financiamento alleo.

Outra liña de traballo terá que pasar pola captación de actividades cuxo financiamento sexa fomecido polos promotores das mesmas e a busca de financiamento pola vía de patrocinios e mecenado.

II.5. DOS CONSORCIOS

INSTITUTO DE ESTUDOS TURÍSTICOS

O consorcio Instituto de Estudos Turísticos de Galicia ten por obxecto contribuír ao desenvolvemento do sector turístico de Galicia, en especial no ámbito da investigación, e particularmente:

1. O estudo da capacidade competitiva das empresas turísticas e do sector turístico de Galicia.
2. O desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo.
3. A prestación de asistencia ás entidades e empresas vinculadas ao turismo orientada á mellora da calidade do sector, preferentemente no tocante á difusión dos seus servizos, á organización da produción, ao cumprimento da lexislación vixente, entre outros.
4. A participación na transferencia de resultados de investigación entre os centros públicos de investigación e as empresas vinculadas ao sector turístico.
5. O fomento e desenvolvemento de investigación cooperativa entre empresas.
6. A análise estatística do desenvolvemento do sector turístico e as súas necesidades.
7. A formación de formadoras ou formadores vinculados aos estudos turísticos, tanto desde o punto de vista teórico como práctico.
8. Calquera outra actividade orientada a mellorar a posición do sector turístico de Galicia no marco español e internacional.

As liñas de acción do Instituto de Estudos Turísticos de Galicia para o ano 2011 responden á necesidade de dar continuidade ao traballo iniciado e desenvolvido durante o 2010 tanto no ámbito da investigación como da formación, ampliando e mellorando algunhas áreas concretas co fin de dar resposta á demanda de información do sector. Neste sentido, o plano de acción estrutúrase sobre catro áreas fundamentais:

- I. Observatorio Turístico de Galicia
 - a) Obtención de información relativa ao turismo no ámbito de Galicia dos organismos estatais correspondentes. (ine, iet, turespaña).
 - b) Elaboración de informes de ocupación no segmento do aloxamento regrado (hoteleiro e extrahoteleiro), para Galicia e diversos destinos da comunidade.
 - c) Análise da ocupación nos establecementos de turismo de saúde.
 - d) Elaboración de informes de conxuntura global do sector a partir dos principais indica-

dores de oferta e demanda.

- e) Medición económica do turismo: análise de conxuntura a partir dos principais indicadores (emprego, gasto, rendibilidade empresarial,).
 - f) Afianzamento do sistema de recollida, tratamento e análise da información estatística que se obtén nas oficinas de turismo de Galicia.
 - g) Análise do movemento aeroportuario na comunidade e estudo do perfil do viaxeiro que se achega a Galicia por avión.
 - h) Estudo dos viaxeiros de cruzeiros.
 - i) Actualización do estudo sectorial realizado no 2010 sobre o turismo de congresos.
 - j) Mellora continua dos contidos da páxina web e ampliación dos módulos da páxina web do instituto.
2. Medición económica do turismo, na que se inclúe a Conta Satélite do Turismo
- a) Elaboración da Conta Satélite do Turismo en Galicia.
 - b) Análise do mercado de traballo galego no turismo, e na rama da hostalería en concreto, a través dos datos da Enquisa de Poboación Activa e das cifras de afiliados á Seguridade Social e da repercusión económica do turismo en Galicia, a través das cifras que se obtéñen da operación elaborada polo IGE referentes ás ramas de hostalería e restauración.
 - c) Colaboración con Exceltur, na realización do estudo de impacto económico do turismo en Galicia (Impactur).
3. Investigación e innovación en turismo, na que se inclúen as operacións estatísticas de base do IET Galicia
- a) Reestruturación de enquisa sobre excursionismo en colaboración con Turgalicia.
 - b) Realización da enquisa da demanda turística en destino de Galicia.
 - c) Convocatoria de bolsas de prácticas/investigación para titulados do master interuniversitario en dirección e planificación do turismo.
4. Formación
- a) Curso de formación para técnicos de oficinas de turismo.
 - b) Curso de formación para a xestión de pensións.
 - c) Curso de formación para investigadores no sector turístico.
 - d) Xornada de traballo para profesionais dos medios de comunicacións.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 431A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Os medios financeiros precisos para o correcto desenvolvemento da actividade propia desta consellería figuran neste programa. Con cargo a el financiaranse os gastos xerais de funcionamento da consellería, entre os que se atopan os gastos correntes e de funcionamento, a adquisición e reposición de mobiliario e útiles, a reparación dos bens inmobles administrativos: edificios e construcións, as transferencias para o financiamento das Fundacións Cidade da Cultura de Galicia e Illa San Simón.

Actividades:

Comprende, fundamentalmente, o financiamento dos gastos de persoal da Secretaría Xeral, arrendamentos de locais, reparacións, material de oficina, subministracións, comunicacións, transporte, seguros, tributos, actividades e indemnizacións por razón de servizos, en resumo todos os gastos necesarios para o bo desenvolvemento dos servizos, así como as transferencias para o financiamento dos gastos correntes e de capital das Fundacións Cidade da Cultura de Galicia e Illa San Simón .

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral

III.1.2. PROGRAMA 432A- BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAI:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa de bibliotecas ten como obxectivos o desenvolvemento de novos servizos e a consolidación dos xa existentes nas bibliotecas, a formación de persoal adecuado que poida prestar un servizo de calidade, atender a rede de bibliotecas galegas, promover e apoiar a difusión do libro galego, o coñecemento do libro galego no exterior e o fomento da lectura na poboación galega. Consonte isto, realizarase unha política que afiance a imaxe das bibliotecas como centros modernos, activos e dinámicos de cultura, capaces de satisfacer rapidamente as necesidades do público e de orientalo en todo canto atinxe ao libro e á lectura.

Tamén a través deste programa trátase de conseguir que os arquivos de Galicia sexan centros eficaces e dinámicos, custodios do patrimonio documental galego como portador da memoria histórica e como garantía dos dereitos e deberes da administración e dos cidadáns,

e polo tanto ao seu servizo. Son da súa competencia non só os arquivos públicos de calquera institución, senón tamén os privados de carácter histórico e o patrimonio documental en xeral.

No referente a museos, o obxectivo é o de acadar un maior coñecemento e mellor conservación do patrimonio moble galego para poder protexelo e difundilo á sociedade, como portador de valores que informan da esencia da cultura galega, de hoxe e de onte. O seu campo de acción é o patrimonio moble, estea ou non depositado en museos, e sempre vinculado e contextualizado no seu contorno xeográfico e no seu contexto histórico.

Funcionalmente ten asumida a xestión dos museos estatais transferidos, a creación de museos propios e a tutela de todo o patrimonio moble en xeral.

Levarase a cabo tamén, con cargo a este programa, o mantemento das liñas prioritarias de actuación, a saber:

1. Continuidade da política de axudas para traballos de documentación, conservación e difusión en arquivos e museos propios pero tamén, e singularmente, de concellos, padroados, entidades e asociacións de carácter público ou privado, etc. Debe notarse que esta é unha demanda política e social constante, sobre todo no que afecta ao valor e á función social do patrimonio documental e moble de Galicia.
2. Execución de investimentos nos edificios e infraestruturas dos arquivos e museos propios, concertados ou xestionados pola Xunta, sen prexuízo de potenciar a vía de colaboración que, por mandato constitucional e estatutario, lle corresponda á Administración central do Estado.
3. Inclusión do Museo do Mar de Galicia (Vigo) na rede de museos da Xunta de Galicia, con asunción da súa titularidade e xestión.
4. Recuperación, mediante a súa dixitalización ou traslado posterior dos arquivos monásticos galegos depositados dende o século XIX en arquivos estatais de fóra de Galicia.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

III.1.3. PROGRAMA 432B- FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAI:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Os obxectivos deste programa consisten en establecer as grandes liñas de actuación para o desenvolvemento da cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo.

Este compromiso baséase nos seguintes puntos, sobre os que xirarán as actividades que se desenvolvan:

1. Cultura galega e en galego: fortalecemento da cultura galega, na súa verdadeira identidade e en harmonía coas correntes de converxencia sensitiva e intelectual que se dan no mundo contemporáneo, dentro dunha concepción dinámica da cultura, coa renovación, actualización e ampliación de horizontes e a adaptación aos novos tempos e aos distintos ámbitos culturais nos que se insire Galicia, nos planos nacional, europeo e mundial, dentro do diálogo e intercambio enriquecedor con outras realidades culturais.
2. Desenvolvemento das estruturas, dos equipamentos e dos recursos necesarios para facer posible o círculo da cultura. Procúrase unha actuación sólida, que integre os estamentos con calidade profesional suficiente e que atendan as necesidades da poboación galega e dos sectores que basean a súa actividade, directa ou indirectamente, na captación dun público autóctono ou visitante, sobre o que pivota unha parte importante da economía galega.
3. Recuperación de espazos públicos, como rúas, prazas ou recintos históricos, como ámbitos capaces de albergar e xerar cultura.
4. Creación de medidas para manter a cultura galega como marca de calidade da comunidade autónoma. Potenciarase a circulación exterior dos produtos culturais e a súa identificación de orixe, para os converter así en carta de presentación de Galicia.
5. O programa de teatro, música e danza desenvolve as distintas modalidades das artes escénicas. Nel poténcianse novos proxectos dentro das actividades dos circuitos culturais en cooperación cos concellos de Galicia. Trátase de realizar unha oferta cultural ampla e repartida, xeográfica e demograficamente, para facilitar o acceso e a recepción na poboación galega da cultura propia do país en todas as súas manifestacións.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura

III.1.4. PROGRAMA 433A- PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa ocúpase do apoio e difusión do patrimonio histórico galego en todas as súas manifestacións tanto en Galicia como no exterior.

Tamén a través deste programa a consellería persegue a conservación, acrecentamento e difusión do patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico de interese para Galicia, atendendo aos obxectivos básicos:

1. Restauración de bens de interese cultural (BIC) significativos, subvencións a concellos e outros organismos públicos para a protección e atención ao patrimonio histórico situado na

súa demarcación.

2. Restauración e posta en valor e uso social e cultural do patrimonio eclesiástico.
3. Estudo e difusión do abundante e diverso patrimonio arqueolóxico e etnográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Implantación e espallamento da Rede do Patrimonio Arqueolóxico de Galicia.
5. Atención ás necesidades relacionadas cos Camiños de Santiago en Galicia, moi especialmente as referidas á conservación e protección do patrimonio cultural asociado a eles, pero tamén en canto a súa promoción e difusión.
6. Potenciación das liñas de actuación no patrimonio arqueolóxico, arquitectónico (civil e eclesiástico), etnográfico, industrial e enxeñeril.
 - a) Desenvolvemento da Rede galega de Patrimonio Arqueolóxico, conforme aos principios de reequilibrio territorial e de desenvolvemento sostible que son de ineludible aplicación a todas as actuacións deste programa e que ten que compatibilizarse con todos os informes de impacto e de avaliación ambiental previos a calquera obra pública ou privada tanto en áreas urbanas como rurais así como nos planeamentos territoriais.
 - b) Potenciación das intervencións necesarias nos Bens declarados de Interese Cultural, así como nos camiños de Santiago, castelos e fortalezas, catedrais, mosteiros e conventos, retablos e pinturas murais, pontes históricas, conxuntos etnográficos e industriais, etc.
7. Mantemento de liñas de axudas para colaborar no custe da execución de escavacións arqueolóxicas ordenadas maiormente en conxuntos históricos, e para a conservación, restauración e rehabilitación de elementos de carácter etnográfico de propiedade non pública, como hórreos, muíños, cruceiros e petos de ánimas, fontes e lavadoiros, pombais e elementos similares, por seren unha parte importante do acervo patrimonial galego.

2.ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

III.1.5. PROGRAMA 761A- COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO:

1.DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Inclúe este programa a realización de accións tendentes á posta en valor dos recursos de interese turístico así como mellora dos servizos existentes para a consolidación dunha oferta turística de calidade que sirva de base para levar a cabo actuacións de promoción do destino Galicia en termos de excelencia.

2.ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral para o Turismo

III.1.6. PROGRAMA 432B- FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS:

1.DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O fin deste programa é impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, impulsando a participación, consolidación e cooperación das empresas e profesionais na produción, creación, conservación, difusión e comercialización do patrimonio cultural galego, nun mercado dinámico, sustentable e plural que fomenta a participación cidadá e remova os obstáculos xeográficos, físicos, educativos, sociais ou económicos que poden dificultar o acceso á cultura, especialmente dos colectivos menos favorecidos e fomentando a demanda de produtos culturais co fin de promover a orientación ao mercado das empresas, mellorar a viabilidade dos seus proxectos, achegar recursos propios e aumentar o peso relativo do sector no sistema produtivo galego.

2.ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Agadic

IV. CADRO DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Progr.	Obxectivos Extratécnicos	Indicador	Unid. Med.	Valor Final
	Obxectivos Operativos			
431A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA				
	Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	Sen indicador		
	Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe			
	Promoción de Galicia como destino de turismo cultural			
	Actuacións de promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia como recurso turístico.	Actuacións para promoción turismo cultura	Nº	62,00
432A BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS				
	Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade			
	Actuacións de promoción da lectura e do libro galego, dentro e fora da nosa comunidade. Apoiar a edición e a tradución das obras galegas	Axudas promoción libro galego, promoción lectura	Nº	48,00
	Desenvolver os sistemas de arquivos e museos de Galicia para potenciar a xestión do patrimonio documental e móbil desde unha óptica global	Arquivos/museos integrados nas redes dix	%	10,00
	Mellora, impulso e promoción das bibliotecas públicas integradas na Rede de bibliotecas de Galicia a través do Plano de automatización 2.0.	Registros exemplares automatizados reais	Nº	1.288.134,00
	Mellora, impulso e promoción das bibliotecas públicas integradas na Rede de bibliotecas de Galicia a través do Plano de desenvolvemento das coleccións.	Documentos adquiridos e distribuídos	Nº	110,00
	Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	Sen indicador		
	Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe			
432B FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS				
	Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade			
	Accións de colaboración con entidades públicas e privadas para a realización de actividades culturais e para a execución de obras e melloras nos edificios ou locais adicados ás mesmas	Actuacións e programación culturais desenvolvemento	Nº	30,00
	Creación do Cluster das Industrias Culturais e implementación do Plan director da música.	Empresas presentes	Nº	0,00
	Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	Sen indicador		
	Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe			
433A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL				
	Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade			
	Mellora do inventario xeral de patrimonio cultural de Galicia, en canto ao contido, accesibilidade, difusión e réxime de protección dos bens incluídos no mesmo	Bens medidos na aplicación informática d	Nº	3.000,00
	Obras de conservación, restauración e protección do patrimonio cultural galego	Exposicións	Nº	40,00
	Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	Sen indicador		
	Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe			
761A COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO				
	Apoio e incentivo a produtos turísticos estratéxicos en canto que aseguren a desestacionalización e a diferenciación no destino Galicia			
	Desestacionalización do turismo coa mellora da ocupación en determinados destinos e produtos.	Ocupación media e gasto medio	%	57,00
	Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	Sen indicador		
	Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial			

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					
	01	02	03	04	A1	Total
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	23.351					23.351
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais			3.090	5.526		8.616
432B-Fomento das actividades culturais				16.634	12.747	29.381
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural			19.474	300		19.774
761A-Coordinación e promoción do turismo		52.591				52.591
Total	23.351	52.591	22.564	22.461	12.747	133.714

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos					
	I	II	IV	VI	VII	Total
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	4.538	4.327	2.963	665	10.858	23.351
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais			1.129	6.110	1.377	8.616
432B-Fomento das actividades culturais	10.859	1.190	1.660	6.092	9.580	29.381
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	10.651			8.369	753	19.774
761A-Coordinación e promoción do turismo	4.210		18.718	5.186	24.477	52.591
Total	30.258	5.517	24.470	26.423	47.046	133.714

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARIA XERAL	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.665	4.538	-2,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.554	4.327	-5,0
Cap. IV - Transferencias correntes	2.097	2.963	41,3
Cap. V - Fondo de continxencia	14	0	-100,0
Cap. VI - Investimentos reais	814	665	-18,3
Cap. VII - Transferencias de capital	25.778	10.858	-57,9
Total	37.922	23.351	-38,4

(Miles de Euros)

02 S.X. DE TURISMO	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.263	4.210	-1,2
Cap. IV - Transferencias correntes	20.660	18.718	-9,4
Cap. VI - Investimentos reais	8.165	5.186	-36,5
Cap. VII - Transferencias de capital	45.949	24.477	-46,7
Total	79.036	52.591	-33,5

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

03 D.X. DE PATRIMONIO CULTURAL	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.817	10.651	-1,5
Cap. IV - Transferencias correntes	971	857	-11,7
Cap. VI - Investimentos reais	15.454	9.450	-38,8
Cap. VII - Transferencias de capital	3.325	1.605	-51,7
Total	30.567	22.564	-26,2

(Miles de Euros)

04 D.X. DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	8.929	8.545	-4,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	446	411	-7,9
Cap. IV - Transferencias correntes	1.977	1.345	-32,0
Cap. VI - Investimentos reais	15.016	7.558	-49,7
Cap. VII - Transferencias de capital	8.145	4.601	-43,5
Total	34.513	22.461	-34,9

(Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURALS	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.414	2.314	-4,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.268	779	-38,6
Cap. IV - Transferencias correntes	617	587	-4,9
Cap. VI - Investimentos reais	2.666	3.563	33,7
Cap. VII - Transferencias de capital	7.296	5.504	-24,6
Total	14.262	12.747	-10,6

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2010	2011	% Var.
01 SECRETARIA XERAL	37.922	23.351	-38,4
02 S.X. DE TURISMO	79.036	52.591	-33,5
03 D.X. DE PATRIMONIO CULTURAL	30.567	22.564	-26,2
04 D.X. DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA	34.513	22.461	-34,9
A1 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURALS	14.262	12.747	-10,6
Total	196.300	133.714	-31,9

(Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos e Axencia Pública

	Consellería		00.AA ou/e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Cap. I - Gastos de persoal	28.673	27.944	2.414	2.314	0	0	31.088	30.258
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.000	4.738	1.268	779	0	0	6.268	5.517
Cap. IV - Transferencias correntes	29.505	27.063	617	587	3.800	3.180	26.323	24.470
OPERACIÓNS CORRENTES	63.179	59.745	4.300	3.680	3.800	3.180	63.679	60.245
Cap. V - Fondo de continxencia	14	0	0	0	0	0	14	0
Cap. VI - Investimentos reais	39.449	22.859	2.666	3.563	0	0	42.115	26.423
Cap. VII - Transferencias de capital	93.158	50.609	7.296	5.504	9.962	9.067	90.493	47.046
OPERACIÓNS DE CAPITAL	132.621	73.468	9.962	9.067	9.962	9.067	132.621	73.468
Total	195.800	133.214	14.262	12.747	13.762	12.247	196.300	133.714

(Miles de Euros)

Medios Persoais

Cultura e Turismo	2011
Altos Cargos	5
Persoal Funcionario	521
Subgrupo A1	151
Subgrupo A2	152
Subgrupo C1	91
Subgrupo C2	86
Agrupacións profesionais	41
Persoal Laboral	354
Grupo I	49
Grupo II	24
Grupo III	14
Grupo IV	127
Grupo V	140
TOTAL	880

Axencia Galega das Industrias Culturais	2011
Persoal Funcionario	3
Subgrupo A2	1
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	67
Grupo I	5
Grupo II	7
Grupo III	22
Grupo IV	26
Grupo V	1
Grupo VIII	6
TOTAL	70

Sociedades Públicas, Fundacións e Consorcios

	2011	
Sociedades Mercantís	Capital	Explotación
Soc. de Imaxe e Promoción Turística	17.412	5.016
Soc. Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	14.293	6.387
Fundacións	Capital	Explotación
Fund. Públ. Cidade da Cultura de Galicia	21.665	12.777
Fund. Illa de San Simón	30	224
Consorcios	Gastos	Ingresos
Cons. Inst. de Estudos Turísticos	623	623

(Miles de Euros)